



**NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AOS ESPECTÁCULOS ORGANIZADOS
POLA CONCELLERÍA DE CULTURA NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO**

Co obxecto de mellorar o acceso aos espectáculos programados pola Concellería de Cultura no Auditorio Municipal do Concello, e de cara a non prexudicar o público asistente, infórmase da resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 2 de xaneiro de 2016, que aproba as seguintes normas de organización e acceso ao recinto:

1. O despacho de billetes do auditorio pechará, **con estrita puntualidade, cinco minutos antes da hora prevista de comezo do espectáculo**, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso do recinto. Comezado o espectáculo ninguén poderá acceder á sala. Solicítase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas de última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.
2. As entradas non vendidas anticipadamente, de habelas, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do inicio previsto para o espectáculo.
3. As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.
4. As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada (www.ataquilla.com / 902.504.500). Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. O organizador non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade.
5. **TODO o público pagará entrada**, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme o Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.
6. Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.
7. A organización informa nos programas editados para a difusión de cada programación as idades recomendadas para determinados espectáculos, que solicitamos respecten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.
8. Ao entrar no recinto, o público, consonte a Lei, pode estar suxeito a un rexistro. Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvase o dereito de admisión.
9. Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de video ou grabadoras; tampouco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita do organizador; en todo caso, actuarase conforme os acordos e a lexislación vixente que corresponda.